

Pedras

CATEGORÍAS RELACIONADAS

As sete virxes de Anamán

Próxima á Pena de Anamán, a mesma onde se agachaba o sonado bandoleiro Xan das Congostras, hai unha capela dedicada a Santa Ana, e un dito:

Eu hei de subir ó ceo
por unha cinta de la;
teño de levar comigo
á Señora de Anamán.

Pois preto desta capela hai unha pena cunha fendedura da que saíron sete irmás que se convertiron en virxes e residen agora naquela comarca, repartidas da seguinte maneira:

Na provincia de Ourense quedaron catro: unha é a do Viso, en Lobeira; outra está no Xurés, en Lobios; a outra en Sobreira, parroquia de Ferreiros, O Entrimo (este lugar tamén se ten como berce das sete irmás) e a cuarta é a da Carballeira, en Queguas, O Entrimo. As tres que se foron a terras portuguesas son a de Boavista en Asiera, a Virxe da Peneda e a de Anamán que é a Santa Ana da capela que dixemos ó comezo.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

RISCO, V., Geografía General del Reino de Galicia. Provincia de Orense, (dirixida por F. Carreras Candi), Casa editorial Alberto Martín, Barcelona, s/d.